

Actividades e novidades para xullo na Aula CeMIT do Concello de Boiro

Boiro, 12 de Xuño de 2015. A Aula de Boiro está a traballar en dous proxectos piloto da **Amtega**. “Banco de Tempo”, onde estas últimas semanas ven de impartir formación por videoconferencia para as aulas de Vigo e Oroso con un total de 40 alumnos/as, o vindeiro proxecto en poñerse en marcha será “Faladoiros TiC” para conectar a persoas de varios países.

A Aula da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia, a Rede CeMIT, do Concello Boiro segue crescendo gracias aos veciños/as que se achegan as instalacións para aprender, e para desfrutar da aula aberta así como tamén diversas actividades que se realizan. A afluencia media das aulas situadas do Centro Social e de 900 visitas ao mes.

A partir de luns 15 de xuño poden anotarse nos seguintes cursos e charlas:

- **Intelixencia emocional e social**
- **Ferramentas colaborativas 2.0**
- **Inicio á Informática**
- **Inicio á Internet**
- **Correo electrónico de Gmail**
- **“Faladoiros TiC” dentro do proxecto CeMIT-Innova**

Para solicitar máis información sobre as citadas actividades (horarios, datas e contidos) poden dirixirse á Aula CeMIT de Boiro sita no Centro Social de Boiro, rúa Poeta Manuel María, a través das páxinas web <https://cemit.xunta.es> e www.boiro.org, chamar ao teléfono 981842635, ou enviar un correo electrónico aos enderezos:

cemit.boiro@xunta.es / axentetic@boiro.org

Axente TIC: Samuel Rodríguez Lado